



1.- A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica)

Os efectos da revolución francesa e o conflito dinástico de 1808 en España abriron un enfrontamento entre dous modelos políticos e ideolóxicos ben diferenciados, por un lado, o absolutismo e, por outro, o liberalismo. As influencias ideolóxicas da revolución francesa comezada en 1789 e a invasión napoleónica de 1808 marcaron o inicio da revolución liberal española que tivo a súa máxima expresión nas Cortes de Cádiz na Constitución de 1812.

A invasión napoleónica, comezada en 1808, foi debida á negativa de Portugal de aceptar o bloqueo continental decretado por Napoleón sobre Inglaterra. O emperador francés planifica entón a conquista de Portugal, pero para iso tiña que contar co apoio de España para acceder a Portugal. Godoy, que era o secretario de Estado de Carlos IV, autorizou o paso por España das tropas francesas acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reiando dos Algarves para Godoy. Este era o contido asinado no Tratado de Fontenoy en 1807.

A influencia sobre os reis e a acumulación de poder e títulos de Godoy xerou un forte resentimento en Fernando VII, fillo de Carlos IV. Temeroso de verse privado da sucesión na coroa foi aglutinando o descontento dunha facción nobiliar que recibiu o nome do grupo Fernandino. Este partido tiña como obxectivo desprestixiar o valido e aos reis e conspirar para lograr desprazar a Godoy do goberno e conseguir que Carlos IV abdicase no nome do seu fillo. As súas intencións foron descubertas no Motín do Escorial.

A partir de 1808 comezou o malestar popular debido a entrada e presenza das tropas francesas en España. Cando Godoy comprende que a ocupación de Portugal implica tamén a ocupación de España decide trasladar a familia real a América como xa o fixera a coroa portuguesa, refuxiada en Brasil. Isto provocou que, en marzo de 1808, tivera lugar o Motín de Aranjuez onde grupos de alborotadores contando co apoio de gardas e grupos de nobres defensores de Fernando VII asaltaron o pazo real e obrigaron a Carlos IV a abdicar no nome do seu fillo, sendo proclamado rei de España.

Tras estes sucesos, Carlos IV pediu axuda a Napoleón. Coa excusa de mediar nas disputas familiares reuniu a Carlos IV e Fernando VII en Baiona (Francia), logrando que Fernando VII devolverse o trono ao seu pai quen a súa vez entrega os dereitos dinásticos a Napoleón. A cambio, ambos foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.

Máis tarde, Napoleón proclamou como rei de España ao seu irmán Xosé Bonaparte. Para dotar de maior lexitimidade a este acto, Napoleón reúne en Baiona a unha serie de notables españois para que enmenden un texto redactado polo propio Napoleón, o Estatuto de Baiona. Este texto era unha carta outorgada onde o rei recoñecía certa limitación no exercizo do seu poder, concedía determinados dereitos e establecía unha serie de institucións que en ningún caso desprazarían ao rei do centro de todo o sistema. Xosé I tomou diversas iniciativas e reformas que non tiveron a eficacia desexada.





Ao mesmo tempo o rexeitamento da ocupación francesa desencadeou a denominada Guerra de Independencia (1808-1814). Nesta guerra atopáronse enfrontados, por un lado, os españois que defendían a Xose Bonaparte que recibiron o nome de afrancesados e os que defendían o regreso de Fernando VII onde había absolutistas, pero tamén liberais que aproveitarán a situación para impulsar unha revolución política.

Nesta guerra a superioridade militar tanto en homes como en armas por parte dos franceses obrigou aos españois a realizar unha guerra de guerrillas axudados por Inglaterra. En 1813, polo Tratado de Valencay, Napoléon renuncia e devolve o trono español a Fernando VII quen reinaría ata a súa morte en 1833. O seu regreso significou a volta aos principios do Antigo Réxime e o absolutismo monárquico e a derogación da obra lexislativa das Cortes de Cádiz.

2.- As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

En maio e xuño de 1808, durante a Guerra de Independencia, numerosas vilas e cidades formaron Xuntas para enfrontarse ao ocupante francés. De composición moi variada, e controladas na maioría dos casos polas élites dominantes, representan unha nova concepción do poder revolucionaria no senso de non recoñecer a España oficial representada por Xosé I. En cada poboación xurdiu una xunta local. Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a Xunta Suprema Central de España e Indias que exerceu o goberno de España.

Durante a guerra, xurdiu a necesidade de convocar unas Cortes Xerais e Extraordinarias para lexitimar acción política ante o baleiro de poder, coñecer a vontade do país e implementar reformas. A maioría dos nobres e eclesiásticos trataban de restablecer o sistema político tradicional, pero os liberais eran conscientes da oportunidade presentada para unha transformación política que restrinxira o poder real e establecera una Constitución baseada na soberanía da nación e separación de poderes.

Estas Cortes reuníronse en Cádiz o 24 de setembro de 1810. Predominaron os deputados de clases medias, aínda que tamén tiñan moito protagonismo os eclesiásticos, avogados, militares... sempre divididos ideoloxicamente en liberais e absolutistas. Estas Cortes promulgaron numerosos decretos nos que se eliminaban as estruturas e os fundamentos xurídicos do Antigo Réxime e se establecía un novo modelo político, administrativo, social e económico baseado nos principios do liberalismo, por iso eran considerados revolucionarios. Pero esta acción política era obra dunha élite, as masas populares influídas pola Igrexa consideraron estas reformas atentatorias contra a relixión e os costumes tradicionais.

O 19 de marzo de 1812 foi aprobada a primeira constitución española, “A Pepa”. Recollía o espírito e as ideas liberais que establecían un modelo político baseado na soberanía da nación (soberanía popular), a participación da cidadanía a través do sufraxio universal masculino indirecto e a monarquía como forma de goberno, pero cun poder restrinxido e limitado pola Constitución. Establecíase unha rixida separación de poderes, no que o poder executivo era exercido polo monarca (xefe





de Estado e de Goberno); o poder lexislativo compartido entre as Cortes e o monarca, onde as leis eran elaboradas polas Cortes, pero promulgadas polo monarca, coa posibilidade por parte deste de exercer o dereito de veto suspensivo. As Cortes eran unicamerais. Finalmente, o poder xudicial estaba en mans dos tribunais de xustiza coa posibilidade de realizar xuízos con xurado popular para determinados tipo de delitos.

Aparecían, distribuídos ao longo do articulado da constitución, os dereitos e liberdades dos cidadáns, especialmente a liberdade de imprenta e de opinión, a igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado sexan estas fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obrigatorio). Recoñeciase a propiedade individual como un dereito básico garantido polo Estado e para asegurar a orde pública e a defensa das liberdades contéplase un corpo de seguridade, a Milicia Nacional.

Fronte á diversidade administrativa e lexislativa do Antigo Réxime impúxose una lexislación que eliminaba os particularismos dos antigos reinos e os privilexios forais (unitarismo e centralismo político). Ademais, declarábase a España como un Estado confesional católico.

En síntese, trátase dun texto revolucionario no senso de alterar as bases políticas e sociais do Antigo Réxime, pero tamén facía concesións á tradición na declaración do Estado confesional.

Nin a Constitución nin as leis emanadas das Cortes tiveron una aplicación práctica polo estado de guerra no que se vivía. Fernando VII, a súa volta, derogou a Constitución e a obra lexislativa das Cortes de Cádiz, pero significou un referente e unha inspiración dos textos posteriores.

3.- A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado)

Despois de asinar o Tratado de Valençay, a finais de 1813, Napoléon renuncia ao trono español e entrega a coroa a Fernando VII quen retornou a España en 1814 e reinou ata a súa morte en 1833. Durante este tempo gobernou dunha maneira vingativa, empregando todos os medios para actuar como un monarca absoluto. Enfrontouse aos liberais e anulou o sistema político creado en Cádiz. No seu reinado diferéncianse tres períodos: o Sexenio Absolutista, o Trienio Liberal e a Década Ominosa.

O Sexenio Absolutista comeza no ano 1814 e remata no 1820. En marzo de 1814 Fernando VII foi recibido en España con grande entusiasmo popular, pero o seu retorno político representou unha volta ao Antigo Réxime. Os liberais esixían que o rei acatase e aprobase os decretos e a Constitución de 1812, pero os absolutistas defendían que o rei debía recuperar a plenitude da súa soberanía e declarar nulas todas as reformas. Así llo pediu un grupo de deputados a través do documento denominado o "*Manifiesto dos Persas*". O retorno ao absolutismo e ao Antigo Réxime causou unha escasa oposición nas masas populares, que identificaban as reformas liberais como agresións á relixión e aos costumes tradicionais. Ao mesmo tempo, a





derrota de Napoleón en 1814 permitiu a restauración do absolutismo en toda Europa no Congreso de Viena e a formación da Santa Alianza para defender este sistema político ante as ameazas do liberalismo.

Os liberais foron perseguidos e tiveron que recorrer á conspiración e ao pronunciamento, é dicir, ao levantamento de parte do exército que se pronuncia a favor da substitución da monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da Constitución de Cádiz, para poder chegar ao poder.

Froito do éxito dun deses pronunciamentos, ten lugar o inicio da seguinte etapa do reinado de Fernando VII, o Trienio Liberal. En xaneiro de 1820, ao mando das tropas preparadas en Andalucía para ir combater aos independentistas americanos, o tenente coronel Rafael del Riego, esixiu en Sevilla o restablecemento da Constitución do 12. Ese levantamento foi secundado en Galicia. Ante o triunfo liberal, Fernando VII viuse obrigado a aceptar a Constitución o 10 de marzo de 1820.

Os Gobiernos liberais restableceron a lexislación aprobada polas Cortes de Cádiz: Constitución, Cortes, eleccións baseadas no sufraxio universal indirecto, Milicia Nacional...Ademáis deron un novo pulo as transformación sociais, económicas e administrativas.

As diferenzas entre os liberais sobre temas como a necesidade ou non de modificar a Constitución, o poder da Coroa, a participación política ou a soberanía da nación, deron lugar á aparición de dúas correntes, os moderados e os exaltados. Esta división liberal favoreceu os intentos absolutistas de restaurar o Antigo Réxime, contando co apoio de Fernando VII, que nunca se acatou sinceramente á imposición da Constitución.

A Década Ominosa absolutista comeza no ano 1823 e remata no 1833. O medo á extensión da revolución por Europa levou á Santa Alianza a decidir a súa intervención en España para restaurar o goberno absolutista de Fernando VII. A intervención do Cen Mil Fillos de San Luís, tropas francesas ao mando do Duque de Angulema coa axuda dos voluntarios realistas, permitiron unha nova restauración absolutista e unha nova etapa de dura represión contra os liberais. Moitos dos seus líderes e simpatizantes foron perseguidos ou executados. A pesar da persecución, os liberais seguiron conspirando para restablecer as liberdades en España, fracasando nos seus intentos.

Houbo unha depuración no exército e na administración pública. Toda a poboación estivo sometida ao control da policía e dos corpos de Voluntarios Realistas. De novo houbo un regreso do Antigo Réxime, pero a Inquisición xa non voveu ser restaurada. Os ultrarrealistas acusaron de pusilánime a Fernando VII e fóronse agrupando arredor do seu irmán Carlos quen, ante a falta de descendencia do monarca, era considerado o futuro herdeiro do trono.

En 1829 Fernando VII casou con María Cristina de Borbón e conseguiu ter dúas fillas. Antes da súa morte derogou a Lei Sálica a través da Pragmática Sanción para que a súa filla Isabel II puidera gobernar o que dará lugar a un conflito sucesorio e a unha guerra civil.





4.- A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas)

Entre 1808 e 1833 España viviu un proceso histórico caracterizado polo enfrontamento entre dous modelos políticos e ideolóxicos: absolutismo e liberalismo cun dominio do primeiro. A guerra civil aberta en España polo carlismo ante a sucesión de Fernando VII, propicia que o liberalismo finalice co seu ostracismo e se converta no principal apoio da rexente María Cristina de Borbón para garantir que o trono español recaia na súa filla Isabel.

O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no século XIX, no grupo hexemónico da sociedade debido ao desenvolvemento do comercio e a revolución industrial. O seu dominio social vai parello ao triunfo das revolucións políticas liberais. Defende un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade, igualdade xurídica, limitación da autoridade e división tripartita do poder: executivo (Goberno), lexislativo (Cortes) e xudicial (Tribunais). Defende a participación política dos cidadáns para a elección de representantes nas Cortes ou Parlamento, que se considera o depósito da soberanía nacional. Todo este sistema político está sustentado no imperio da lei que ten na Constitución a lei suprema fundamental.

O liberalismo non só é filosofía política; en economía defende a propiedade privada individual, considerada como un valor absoluto, a liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos e o libre xogo da oferta e da demanda como mecanismo xerador da riqueza e regulador das actividades económicas.

O liberalismo foi unha ideoloxía revolucionaria que pronto se dividirá en dúas correntes en función do criterio de participación política da poboación: o liberalismo doutrinario e o liberalismo democrático.

O liberalismo doutrinario foi a corrente maioritaria en España e Europa ata mediados do século XIX. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor dos grupos económicos poderosos de perder a súa posición hexemónica na sociedade. Os trazos que o definen son: monarquía constitucional, soberanía compartida entre o rei e as Cortes, restricción da participación política (o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado únicamente a aqueles que posúan un determinado poder económico, e dicir o sufraxio censatario), limitación dos dereitos individuais e catolicismo de Estado.

En España, a posta en práctica do liberalismo doutrinario tamén experimentou unha escisión entre os moderados e os progresistas. Os primeiros asumiron plenamente os principios do liberalismo doutrinario, exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois e o apoio dos grupos poderosos da sociedade. Son partidarios dun férreo control do poder municipal por parte do goberno, limitan as liberdades civís e eliminan a Milicia Nacional. Os progresistas, en cambio, reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, un maior grao de descentralización municipal, unha interpretación máis ampla das liberdades, en especial a de prensa, e unha maior liberdade de culto dentro do estado confesional.





A crecente moderación dos progresistas provocou unha disidencia dos mesmos, xurdiron así os demócratas en 1840. Constituían unha minoría radical, dividida a súa vez entre os partidarios da monarquía e os partidarios da república.

O liberalismo democrático defendía a soberanía popular como principio básico sobre o que debían asentarse todas as institucións políticas, a participación popular mediante sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos, rixida separación de poderes, unha ampla carta de dereitos e liberdades aos que consideran inalienables e inherentes á natureza humana, un goberno como froito da vontade popular, liberdade de cultos e separación da Igrexa e Estado. Nestes principios inspirouse a Constitución de 1869. Unha constitución que inaugura en España a monarquía parlamentaria, onde rei reina, pero non goberna. O republicanismo aproveitou o curto reinado de Amadeo de Saboia para proclamar a 1ª República, plantear a discusión do modelo territorial e reivindicarse como o sistema verdadeiramente democrático.

5.- A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869

As prácticas ditatoriais do xeneral Narváez nos últimos gobernos moderados, estenderon a impopularidade do réxime, entregado ao servizo dunha oligarquía sen escrúpulos, e da raíña Isabel II, firme apoio do moderantismo. Así, no ano 1868, a revolución coñecida como Gloriosa ou Setembrina, protagonizada por todas as forzas opositoras a Isabel II, expulsou os Borbóns do trono de España e abriu a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

O contexto no que se produce a revolución é de profundo malestar social provocado polas malas colleitas, as dificultades económicas na industria e nas finanzas e o descontento da maioría da sociedade cun sistema político pouco permeable á participación da cidadanía e nada sensible ás novas necesidades dun país que mudara respecto á primeira metade do século. Ese descontento uniu a todos os grupos políticos baixo unha causa común: establecer un goberno provisional que asumise os principios do liberalismo democrático e que convocase eleccións para constituír unhas novas Cortes, coa finalidade de elixir un novo modelo de Estado e redactar unha nova constitución.

A Revolución Gloriosa iniciouse en setembro de 1868 en Cádiz cun pronunciamento das tropas da mariña do almirante Topete e protagonizado tamén por Serrano e Prim. Pouco despois, os sublevados venceron as tropas leais á raíña na batalla de Ponte de Alcolea (Córdoba). En paralelo a este clásico pronunciamento militar, xurdiron numerosas xuntas revolucionarias que reclamaban o sufraxio universal e a liberdade de prensa, ensino e asociación e a abolición dos impostos de consumo e da redención de quintas. Hai pois unha unión de pronunciamento e revolución social.

Tras o exilio de Sabela II a París, formouse un Goberno provisional integrado por unionistas, progresistas e demócratas e presidido por Serrano. O Goberno puxo en marcha numerosas reformas políticas e económicas e convocou Cortes constituíntes elixidas por sufraxio universal.





Estas Cortes elaboraron unha nova Constitución no 1869 que, inspirada nos principios do liberalismo democrático, establecía a soberanía nacional, entendida como popular; a monarquía como forma de goberno; unha clara separación de poderes: o rei exercía o poder executivo suxeito á soberanía nacional e o poder xudicial estaba en mans dos tribunais con xurados; Cortes bicamerais, formadas polo Congreso e o Senado; e dereitos e liberdades amplos entre os que se deben deatacar a liberdade de cultos e especialmente o dereito de asociación e reunión (nacerá a Federación Rexional Española da Asociación Internacional de Traballadores -FRE da AIT-).

Despois da promulgación da Constitución, Serrano foi nomeado rexente provisional mentres se buscaba un novo rei para España, que tiña que ser católico, liberal e contar co apoio das potencias europeas. Finalmente ese rei será Amadeo de Savoia. O asasinato de Prim, que deixa ao monarca sen o seu principal valedor, as dificultades de goberno na coalición, o regreso do problema carlista, a sublevación en Cuba e a falta de colaboración por parte dos sectores tradicionais provocaron que en febreiro de 1873 renunciara o que abriu paso á 1ª República.

6.- A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo)

Tras a renuncia ao trono de Amadeo I en febreiro de 1873, polas distintas dificultades presentes no seu reinado (entre elas a crecente oposición republicana que, durante este breve reinado, tenta conseguir o apoio popular necesario para instaurar a República), o Congreso e o Senado reúnense conxuntamente, formando a Asamblea Nacional, e deciden proclamar o 11 de febreiro de 1873 a República, a pesar de ser maioritariamente monárquicos. A mesma Asamblea Nacional asume todos os poderes e nomea presidente do poder executivo a Estanislao Figueras, quen exercería de xefe do Estado e do Goberno.

Existían fortes diferenzas entre os republicanos sobre a organización política da República:

- os unitarios defendían a creación dunha república unitaria.
- os cantonalistas defendían a configuración dunha federación construída a partir da unión voluntaria dos *cantóns* (unidades políticas inferiores que proclamarían a súa soberanía).
- os federais gradualistas (dirixidos por Pi i Margall) defendían a idea de que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación.

Ante as tensións formadas por estas diferenzas, convocáronse novas eleccións (celebradas por sufraxio universal masculino, para os maiores de 21 anos) para formar unha Asamblea Nacional constituínte. Foron gañadas polos federais, polo que se proclamou a república federal con Pi i Margall como presidente. Consecuentemente, elaborouse un proxecto de Constitución federal.





Por outra banda, incrementouse a axitación social e política (do que foi partícipe a AIT) e xurdiu con forza o movemento cantonalista. A unión e manifestación de ambos provocaron o fracaso de implantar a federación desde arriba e a dimisión de Pi i Margall. Sucédennlle os gobernos de Nicolás Salmerón e Emilio Castelar, apoiados en militares como Pavía e Martínez Campos para rematar co cantonalismo e a guerra carlista. Os federais descontentos con esta situación, deciden escoller un novo presidente no Congreso, pero impediuno o xeneral Pavía que dissolveu a Asamblea Nacional.

Ante esta situación de baleiro do poder, o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República, suspendendo as garantías constitucionais ata rematar con esa situación de forte inestabilidade e convocar Cortes constituíntes. Isto, favoreceu os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Afonso de Borbón, quen se presenta como un monarca constitucional e liberal no manifesto de Sandhurst.

7.- A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876)

Tras o pronunciamento de Martínez Campos en 1874, chegou Alfonso XII a España e nomeou como presidente do Goberno a Cánovas del Castillo (liberal conservador pero pragmático) que sentou as bases políticas do novo réxime. Analizou a estabilidade do modelo político de Gran Bretaña e a propia historia de España para xustificar a recuperación do sistema de dobre confianza entre o rei e a Cortes propio do liberalismo doutrinario. A Coroa representaba a tradición e a unidade española e as Cortes representaban a vontade da nación.

Segundo as súas ideas a monarquía debía ser constitucional doutrinaria e o Goberno debía contar cunha dobre confianza: a da Coroa e a da Cortes. O Goberno debía ser nomeado pola Coroa pero para desempeñar a súa tarefa tiña que contar coa maioría parlamentaria nas Cortes. Se era necesario, utilizábase a manipulación dos resultados electorais a través da fraude e dos caciques.

Cánovas baseaba a estabilidade no bipartidismo: dous grandes partidos monárquicos (un no Goberno e o outro na oposición) que se alternarían no exercicio do poder. Aplicouse o modelo inglés en España e desta maneira apareceron o Partido Conservador liderado por Cánovas que incluía os antigos moderados e membros da Unión Liberal e o Partido Liberal dirixido por Sagasta formado polos progresistas e demócratas. Ademais, consideraba indispensable unha alternancia pacífica de Goberno baseada na quenda de mutuo acordo entre os partidos. Cando un Goberno tiña dificultades ou sufrira un forte desgaste a Coroa nomeaba como presidente ao xefe do partido da oposición e a continuación disolvía as Cortes convocando unhas eleccións que necesariamente tiña que gañar o partido do novo Goberno. Utilizábanse redes de influencia do rural co caciquismo para conseguir os votos necesarios no rural.

Outra idea importante deste sistema era a necesidade de apartar ao exército da vida política e evitar os pronunciamentos. De aí a importancia do acordo na quenda de goberno entre liberais e conservadores para garantir a estabilidade do sistema. Ese acordo (consolidado no Pacto do Pardo con motivo da morte de Alfonso XII)





aloxaría a tentación do pronunciamento. Outro pilar do seu pensamento político en aras da estabilidade era o de devolverlle á Igrexa o seu prestixio perdido durante o sexenio democrático, principalmente no campo educativo. Por último, era esencial que en materia de dereitos á cidadanía, os partidos do sistema realizaran os avances a partir dun pacto, o que se denominou transaccionismo.

Cánovas convocou eleccións constituíntes e as novas Cortes, con maioría de deputados do Partido Conservador, aprobaron a Constitución de 1876 que era un híbrido entre a doutrinaria do 45, para as cuestións principais de funcionamento, e a do 69, en materia de dereitos. Establecía un réxime oligárquico rexido por unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora. A soberanía estaba compartida entre o rei e as Cortes. A Coroa gozaba de prerrogativas xa que nomeaba libremente ao presidente dos ministros, sancionada e promulgaba as leis, tiña dereito de veto, exercía o mando supremo das forzas armadas e dirixía a vida política internacional. Como consecuencia, o rei ademais de reinar tamén goberna. Todos estes poderes debían ser exercidos por ministros responsables ante as Cortes.

As Cortes bicamerais estaban constituídas polo Congreso cuxos membros serían elixidos polos cidadáns de acordo cunha lei electoral posterior e o Senado formado por membros vitalicios asignados polo propio rei, por dereito propio ou elixidos polos maiores contribuíntes. As dúas cámaras compartían a iniciativa legal co rei.

Os dereitos e liberdades aparecían recollidos, pero redactados de forma xenérica polo que necesitaba un desenvolvemento en leis posteriores de inferior rango. Isto permitía un tratamento máis restritivo.

Ademais, esta Constitución establecía o Catolicismo de Estado aínda que tamén se recoñecía a liberdade de conciencia e de culto.

8.- A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral)

Tras rematar a Primeira República triunfan as ideas de Cánovas del Castillo mediante o Manifesto de Sandhurst polo que se restaura, en España, unha monarquía nas mans da dinastía dos Borbóns protagonizada por Alfonso XII, fillo de Isabel II. Neste período chamado Restauración Borbónica son coñecidas tres etapas: o reinado de Alfonso XII (1875-85), a rexencia de María Cristina de Habsburgo (1885-1902) e o reinado constitucional de Alfonso XIII (1902-23).

Cánovas, nomeado polo rei presidente de Goberno, leva a cabo unha reforma política para crear un novo réxime acorde aos seus principios (era liberal conservador) e volver a implantar un réxime oligárquico. España regresa a un modelo de monarquía constitucional doutrinaria conservadora. O goberno era nomeado pola rei, pero tiña que contar co apoio das Cortes. O sistema de partidos estaba baseado no bipartidismo co motivo de acadar a estabilidade política; así alternaríanse no poder o Partido Conservador liderado por Cánovas e o Partido Liberal dirixido por Sagasta. Ademais, levouse a cabo unha reforma constitucional en 1876 que produce un texto mestura da constitución do 45 e do 69 onde a soberanía estaba compartida entre a Coroa e as Cortes.





O sistema da queda de muto acordo entre o partido gobernante e a oposición permitía garantir unha estabilidade política e evitar que a oposición recurrira ao pronunciamento. Cando o partido gobernante entraba nunha crise política, o rei chamaba ao xefe de partido da oposición para que formara novo goberno. A continuación para que este novo goberno puidera ter o respaldo das Cortes o rei procedía a disolver o Congreso e convocar novas eleccións co fin de que o resultado fora favorable ao goberno. Este mecanismo no que o goberno non sae da maioría parlamentaria senón dun acordo entre os partidos do sistema coa aprobación do rei levou ao sistema a un proceso contínuo de fraude electoral e falseamento dos procesos electorais.

Para fabricar os resultados e o reparto de escaños, o ministro de Gobernación reúne aos gobernadores civís de cada provincia para proceder a nomear aos candidatos e os escaños que se repartiría cada partido de acordo co papel asignado nesa convocatoria. Deste xeito, o partido do novo goberno tería un amplo dominio dos escaños da cámara. A este proceso denominouse encadramento.

Para que este proceso culminara de acordo ao previsto era imprescindible contar coa intervención inestable dos caciques. O estreito control do voto que exercían os caciques, base do sistema, sobre as eleccións periódicas, xerou unha cadea de favores e adhesións persoais que impedía no ámbito rural, non así no medio urbano, unhas eleccións libres.

Este sistema corrupto, que utilizaba calquera recurso para falsear os resultados electorais, foi criticado duramente polo Rexeneracionismo e pola oposición política. Con isto, aumentou considerablemente a conflictividade social e política que, ao sumarlle o desastre do 98, provocou o inicio dunha grave crise nos anos finais da rexencia de María Cristina. Deste modo, en 1902 o trono español caeu en mans de Alfonso XIII, seguindo así a dinastía dos Borbóns e, continuando por conseguinte, o período da Restauración Borbónica, aínda que a acumulación dos conflitos e o descontento co sistema farán considerar este período como o da crise da Restauración.

9.- A cuestión nacional no último terzo do século XIX

No último terzo do século XIX, a imaxe do acontecido noutros lugares de Europa, en España desenvolvéronse os rexionalismos e nacionalismos. Estes movementos, opostos á política centralizadora da Restauración, xurdiron sobre todo en territorios periféricos dotados de elementos culturais diferenciados.

No caso catalán, á altura de 1830 o movemento literario da *Renaixença* impulsou un proceso de recuperación da cultura e a lingua propias. O paso do catalanismo cultural ó político tería lugar nos anos 80, cunha orientación rexionalista, que aspiraba a lograr un maior autogoberno para Cataluña. A creación da Unión Catalanista en 1891, e as súas demandas de restauración das institucións históricas e traspaso de competencias, suporían un novo paso no proceso de afirmación catalanista. Un paso importante foi tamén a entrega a Alfonso XII en 1885 do *Memorial des Greuges*, con reivindicacións políticas e económicas en defensa do





proteccionismo e dunha maior atención para os intereses de Cataluña. Coas Bases de Manresa (1892), nas que se reivindicaba o autogoberno, o catalanismo adquiriu un carácter de orientación tradicionalista e burguesa. Será a principios do século XX cando adopte unha orientación nacionalista, baixo o impulso de Prat de la Riba. En 1901 creouse a Lliga Regionalista, primeiro gran partido do nacionalismo catalán.

A galeguismo tamén experimentou unha lenta evolución na segunda metade do século XIX. Nunha primeira etapa, iniciada en 1840, o provincialismo alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades de Galicia. Ese impulso precursor viuse reforzado nos anos 60 polo Rexurdimento, o movemento cultural iniciado por Rosalía de Castro, que aspiraba á revitalización do galego como lingua literaria. Con todo, será a partir de 1880 cando xurda o rexionalismo, defensor do dereito á autonomía política, e que tivo como figuras máis destacadas o liberal Manuel Martínez Murguía e o conservador Alfredo Brañas.

No caso vasco, a evolución foi diferente e estivo marcada por un feito político: a abolición dos foros en 1876. As protestas levaron a Cánovas a aprobar os Concertos Económicos dous anos máis tarde, recoñecendo a autonomía fiscal das Provincias Vascas. Con todo, a plena reintegración foral daría lugar a un movemento reivindicativo encabezado por Sabino Arana. O seu ideario identificaba a etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou Euskadi. Para defender a súa independencia fundou en 1895 o Partido Nacionalista Vasco.

10.- A reforma agraria liberal: as desamortizacións

No Antigo Réxime diversas normas, leis e prácticas cotiás condicionaban e limitaban a produción agrícola e propiedade da terra. Por eso a Burguesía Liberal consideraba imprescindible realizar unha reforma agraria. A medida máis importante desta reforma foi a desamortización.

A desamortización é un proceso de confiscación de bens e terras pertencentes ao clero ou os bens propios pertencentes aos concellos coa intención de poñelas en venda en puxa pública e aumentar os ingresos do Estado co fin de solventar os problemas do endebedamento público do Estado.

A primeira desamortización levouse a cabo durante o Goberno de Godoy en 1798 por motivo das dificultades facendísticas provocadas polas constantes guerras contra Inglaterra. Esta medida afectou a unha pequena cantidade de propiedades da Igrexa que recibiron unha porcentaxe de valor das terras vendidas. Durante a revolución liberal as Cortes de Cádiz promulgaron diversas desamortizacións polo que o Estado poñía en venda os bens do afrancesados.

Seguiu a desamortización eclesiástica de Mendizabal no 1836 o que afectou ao clero regular (conventos e mosteiros). A finalidade era solucionar os problemas facendísticos, recadar diñeiro para financiar a guerra contra o Carlismo, ampliar os adeptos de Isabel II e desmantelar o poder económico da Igrexa.





No 1841 foi levada a cabo a desamortización eclesiástica de Espartero, continuando así a iniciada por Mendizabal. Ademais ampliouna coa desamortización dos bens do clero secular (igrejas e capelas). O seu obxectivo era de carácter fiscal, e dicir, recadar fondos para Facenda.

Por último, en 1855 tivo lugar a desamortización de Madoz, que ademais de rematar a desamortización eclesiástica iniciou a desamortización civil (bens propios dos municipios e comunais). Esta desamortización xerou un gran impacto na sociedade xa que os campesiños non tiñan diñeiro para comprar as súas terras e acababan de xornaleiros para os novos donos delas.

Estas medidas supuxeron a desaparición das fórmulas xurídicas vinculadas á propiedade da terra do Antigo Réxime (mans mortas, morgados, dezmos, tributos señoriais, ...) e a liberalización do mercado de terras. Deste proceso beneficiouse a nobreza e a burguesía, que puideron concentrar nas súas mans grandes propiedades latifundistas, especialmente no sur de España.

11.- Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril

O desenvolvemento industrial do s. XIX en España presenta fortes desequilibrios rexionais, convivindo zonas industrializadas e urbanizadas con outras atrasadas e rurais.

Cataluña constituiu a principal zona industrial de España onde o desenvolvemento téxtil propiciou a diversidade industrial de Cataluña co crecemento doutros sectores: metalurxia, química, papeleira e editorial así como as relacionadas coa transformación de produtos agrarios.

Andalucía e Levante teñen en común un inicio temperá industrializador no sector siderúrxico e téxtil que non tivo continuidade, pola competencia doutras rexións máis desenvolvidas ou con menores custos de produción (a siderurxia andaluza pola competencia do norte e os costes do transporte de carbón; o téxtil no Levante pola competencia catalana). Ambas rexións reorientáronse cara a potenciación do sector agrario (cítricos en Levante, aceite e viño en Andalucía) e tamén mineiro en Andalucía.

Asturias e País Vasco tiveron como sector clave na industrialización a siderurxia vinculada a explotacións mineiras (carbón asturiano e mineral de ferro vasco).

En Galicia o panorama industrializador foi pobre debido a competencia doutras zonas. O liño, materia téxtil por excelencia, non resistiu a competencia do algodón e foi desaparecendo mentres que a salgadura da pesca deu lugar a unha importante industria conserveira de peixe. Cabe destacar tamén a construción naval e o desenvolvemento da produción hidroeléctrica aproveitando a abundancia de cursos de auga.

A FORMACIÓN DO MERCADO INTERIOR:

A lexislación liberal aboliu os obstáculos legais contrarios á liberdade de circulación e produción de bens (supresión de aranceis interiores, unificación de pesos e





mededidas...) e procurou a construción de mellores vías de comunicación para conseguir un mercado interior cada vez máis integrado.

O FERROCARRIL

A introdución do ferrocarril en España, símbolo do progreso e modernización, foi tardía. O primeiro ferrocarril inglés adicado a transporte de viaxeiros funcionou en 1830, en España non o fixo ata 1848, nun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró.

A Lei xeral de ferrocarrís de 1855, deseñou un trazado radial desde Madrid ata os puntos extremos da periferia e ademais establecía que a construción e explotación das liñas podía ser realizada polo Goberno ou por compañías privadas.

Para facilitar a construción dos ferrocarrís, o Estado concedía vantaxes aos inversores privados e para o seu financiamento contou con tres fontes de recursos: a subvención estatal, o capital dos accionistas e o líquido das obrigacións que emitían as propias compañías ferroviarias. As características do terreo aconsellaron dar maior ancho ás vías españolas, ocasionando problemas á hora de unilas con trazados europeos, máis estreitos.

Na construción dos trazados ferroviarios diferéncianse varias fases:

- Antes de 1855: só se construían 440 quilómetros de liñas ferroviarias repartidos nas zonas de Barcelona, Madrid e Asturias.
- 1855-1865: construción, a bo ritmo, das principais vías, gracias ao apoio estatal e aos investimentos extranxeiros (especialmente franceses).
- 1866-1876: paralización da construción de novas vías porque non se produciron os beneficios esperados, debido ao atraso xeral do país.
- 1877-1895: relanzamento da construción ferroviaria realizada polas grandes compañías que explotaban as respectivas zonas de concesión do servizo.
- 1896-1936: continuou a tendencia anterior, pero con moita lentitude.

O papel do ferrocarril no desenvolvemento económico de España é obxecto de controversia entre os historiadores. Para uns foi considerable pois, nun país con graves dificultades orográficas, permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías. Para outros, os efectos foron inferiores dos que se podían esperar debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, con grave prexuízo para o desenvolvemento do sector siderúrxico español.





12.- O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

Na sociedade de clases que se configurou paralelamente á industrialización e ao desenvolvemento capitalista, existiu unha importante conflictividade social que deu orixe ao nacemento de organizacións que loitaron para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora. O conxunto destas actividades chámase movemento obreiro.

Os primeiros episodios de loita obreira son accións desorganizadas de carácter ludita nos que os obreiros destruían as máquinas que lles quitaban o traballo (destrución de máquinas de fiar en Alcoi en 1921, incendio da fábrica Bonaplata en Barcelona en 1835), contestadas cunha forte represión por parte do goberno e a patronal.

Nun principio os obreiros formaron asociacións de socorro mutuo. Influidas polo socialismo utópico, plantéxanse como sociedades benéficas e de axuda mutua para facer fronte ós problemas do asociado en caso de enfermidade, despido, morte, etc. Este plantexamento buscaba evitar a prohibición que impón a lexislación liberal para as asociacións obreiras. Desenvólvense a partir da *Lei de sociedades de socorros mutuos de obreiros* de 1839. Estas sociedades terán importancia no téxtil catalán, cun marcado carácter sectorial e local, e reivindicarán o dereito de asociación pleno para poder reclamar melloras salariais e das condicións de traballo. O desenvolvemento destas asociacións producírase durante os breves períodos de goberno progresista (Espartero 1840-1843 / Bienio progresista de 1854-56). Serán prohibidas e perseguidas polos gobernos moderados. Ata 1887, toda asociación de traballadores era considerada delituosa. A lei de Asociacións dese ano do goberno de Sagasta recoñeceu a liberdade sindical.

Na segunda metade do século XIX apareceron novas ideoloxías que tiveron unha fonda repercusión nos movementos sociais: anarquismo e socialismo marxista. O anarquismo defendía a destrución do Estado e de calquera tipo de autoridade, da propiedade privada e das diferenzas socioeconómicas, debían organizarse en comunas autónomas onde a autoridade fose substituída por acordos libres entre os seus habitantes nunha esta transformación que debían realizar os propios traballadores. Os socialistas defendían a loita de clases realizada polo proletariado, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros para conquistar o poder e impoñer medidas de forza para ter condicións de vida iguais.

Nun proceso de crecemento e expansión, organizáronse partidos obreiros para loitar pola mellora da clase obreira, manténdose clara a oposición entre anarquistas e socialistas. No 1864 fundouse en Londres a Asociación Internacional de Traballadores, tamén coñecida como I Internacional, co obxectivo de potenciar a unión e a loita dos traballadores pola súa emancipación en todo o mundo. No 1870 en Barcelona fundouse a Federación Rexional Española, organización federativa constituída por distintas seccións obreiras e integrada na AIT. A FRT da AIT tivo unha marcada influencia anarquista e participou de forma importante da axitación social da primeira república, especialmente no movemento cantonal.

Durante a Restauración o movemento obreiro dividiuse en dúas grandes correntes: anarquismo e socialismo.





- O anarquismo caracterizouse pola súa división: uns defendían os principios colectivistas e antiautoritarios e crearon nos anos 80 a Federación de Traballadores da Rexión Española, transformada posteriormente en Federación de Resistencia ao Capital. Entre as federacións locais destacou a Solidariedade Obreira e, despois da Semana Tráxica de Barcelona, creouse a Confederación Nacional do Traballo (CNT en 1910). Pola actitude dalgúns membros desta os máis radicais fundaron a Federación Anarquista Ibérica. Outros, en cambio, eran máis extremistas e defendían os atentados contra os intereses e os personaxes das clases dominantes, nesta liña de actuación encádrase a organización anarquista secreta da Man Negra.
- Por outra parte, Pablo Iglesias impulsou o Partido Socialista Obreiro Español (PSOE, 1879) e a Unión Xeral de Traballadores (UXT, 1888). Entre o partido e o sindicato existía unha estreita interdependencia, e ambas contribuíron á fundación en París da Segunda Internacional, a cal declarou o Primeiro de Maio como día da clase obreira. O goberno bolxevique xurdido Rusia tras a revolución fundou no 1919 a III Internacional Comunista. Isto produciu un intenso debate sobre si seguir o modelo soviético. Unha parte dos socialistas separáronse e formaron o Partido Comunista de España, pola fusión do Partido Comunista Español e o Partido Comunista Obreiro Español.

A finais de século creáronse sociedades obreiras católicas que desde unha óptica cristiá pretendían decontrarrestar o avance do anarquismo e socialismo, defendían a colaboración de clases e pretendían lograr a concordia social que sostiña a Igrexa.

O incremento dos prezos e a escaseza dos produtos ou os impopulares impostos dos consumos orixinaron frecuentes motíns espontáneos contra os responsables. Ante esta situación, a actitude do Estado variou dependendo de quen gobernase, en principio apréciase unha postura negativa, pero despois parecen máis tolerantes, recoñecendo unha serie de dereitos aos traballadores. Aínda así sempre houbo unha forte vixilancia e non dubidaron en empregar a forza, mediante a Garda Civil e o exército, para sofocar os levantamentos, sobre todo no Primeiro de Maio.





13.- A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista)

O desastre do 98 provocou un descontento xeral na poboación no país. O réxime da Restauración entrou nunha nova fase condicionada polas intervencións de Alfonso XIII na vida política. O seu reinado estivo marcado polo espírito rexeneracionista que pretendía revisar o sistema, modificando o necesario para superar os problemas do país e adaptarse ás novas demandas sociais e políticas. As intervencións do monarca provocaron unha gran inestabilidade gubernamental derivando no rexeitamento cara o sistema e cara a monarquía que foi a unha das causas que levou a Primo de Rivera a pronunciarse en 1923 co propósito de solventar os problemas do país.

Tras a morte dos fundadores dos partidos dinásticos, Cánovas e Sagasta, houbo unha crise de liderazgo en ambas formacións. Os seus sucesores máis destacados, Maura e Canalejas, tentaron unha rexeneración dende arriba do sistema. Primeiro, o goberno conservador de Maura propuxo unha reforma electoral para evitar a influencia do caciquismo, mais a inclusión na lei electoral do artigo 29 impediu que esta reforma conseguise sanear o sistema pois permitía a elección automática dos candidatos, se estes eran os mesmos ou menos que os escanos en liza por cada circunscrición, o que foi aproveitado polo caciquismo que se pretendía combater.

Paralelamente, a oposición, marxinalizada do sistema canovista, vai recollendo cada vez máis apoios. Os partidos republicanos acadan moita forza co Partido Radical de A. Lerroux. O PSOE obtén representación no parlamento e os anarquistas seguen ensanchando as súas bases de apoio. En 1910 crean o seu sindicato, a CNT. En Cataluña, País Vasco e Galicia fan a súa aparición os partidos nacionalistas.

Todos estes grupos, e fundamentalmente o movemento obreiro, protagonizan unha serie de conflitos sociais que contribuíron á decadencia do sistema:

- A semana trágica de 1909, foi a primeira crise grave que sofre o sistema da Restauración tras a Guerra de Cuba. Foi unha explosión do descontento popular motivada polo embarque dos reservistas destinados ao Rif no porto de Barcelona. Entre os amotinados había anarquistas, republicanos e catalanistas que tomaron as calles da cidade durante unha semana. Aparece o anticlericalismo pois iníciáanse ataques contra a Igrexa queimando conventos e destrozando os seus bens xa que a Igrexa beneficiaba aos intereses das clases dominantes. Maura responde a isto cunha forte represión (fusilamento de Ferrer i Guardia) o que provoca importantes protestas e a súa saída do goberno forzada por Alfonso XIII, e apoiada polos liberais, comenzando ruptura da quenda de partidos .
- A crise de 1917, durante a Primeira Guerra Mundial, que provoca unha subida de prezos no país, mais os soldos non aumentan á mesma rapidez que os prezos o que desencadea un gran malestar social. Foi considerada a crise máis profunda do sistema da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: militar coas demandas das Xuntas de Defensa, político coas reclamacións de cambio de réxime político por parte da Asemblea de Parlamentarios e social coa flga Xeral Revolucionaria de Agosto de 1917.





Despois de 1917, e tras a represión destes conflitos, o réxime seguía vivo, mais a quebra do sistema era evidente. Os partidos dinásticos estaban rotos. O seu fraccionamento acabou coa alternancia, unha das bases da estabilidade do sistema. Para enfrontarse á inestabilidade apareceron gobernos de concentración nacional, nos que participaron os distintos grupos nos que se achaban divididos tanto o Partido Conservador como o Liberal e incluso chegaron a participar catalanistas da Lliga como Cambó temerosos da revolución obreira.

Ademais, o descontento social aumentou e manifestouse no incremento da afiliación aos sindicatos, no pistolerismo (atentados anarquistas como a Dato no 1921 ou a Salvador Seguí, por parte da burguesía) e no aumento da conflictividade social (folga na Canadense) e nas revoltas campeciñas influenciadas pola revolución bolxevique de Rusia, sobre todo en Andalucía e Estremadura.

Finalmente, o fracaso militar en Marrocos, provocado polo desastre de Annual, marcará a crise definitiva da Restauración. En 1921, nunha incursión do exército español para asegurar o dominio da rexión do Rif, son atacados por Abd el-Krim e, na retirada, a maioría dos soldados españois perecen en Annual. Esta derrota provocou un forte impacto na opinión pública, unha investigación parlamentaria (expediente Picasso) e a petición de responsabilidades con fortes críticas ao exército aos políticos e ao rei, co que aumentou a oposición á monarquía.

Ante a cantidade de problemas, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para sobrevivir: democratizarse (alterando as bases sociais e políticas do sistema) ou impor unha solución dictatorial co pretexto de por á fronte do país un *ciruxán de ferro* que puxese remedio aos males de España. A incapacidade do réxime de transformarse favoreceu a imposición dunha ditadura en 1923.

14.- A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.

Durante o reinado de Afonso XIII e no contexto do periodo coñecido como crise da Restauración iniciase a guerra de Marrocos tras a atribución do norte deste territorio a España na Conferencia de Alxeciras de 1906. Os acordos, buscados para compensar a perda de Cuba, Puerto Rico e Filipinas no desastre de 1898 permitían aproveitar a zona para o ferrocarril e a explotación mineira. Para facer efectivo o dominio, enviáronse tropas cara a Ceuta e Melilla. No ano 1909, a derrota de Barranco do Lobo e o ataque directo ao prestixio nacional e aos intereses económicos que isto supuxo, levou ao goberno presidido por Maura á mobilización dos reservistas, que desembocou nun forte malestar social que fixo desta guerra un conflito impopular e provocou a Semana Tráxica de Barcelona, revolta de carácter anticlerical e antimilitarista que sufriu unha forte represión e que tivo consecuencias como a creación da CNT.

Con todo, despois da caída do propio Maura e do asasinato do presidente que o substituíu, Canalejas, comezaba paralelamente no resto do mundo a primeira Guerra Mundial, na que España non participou directamente pero si indirectamente subministrando todo tipo de produtos para os países que participaron. Isto provocou





unha subida de prezos no país, mais os soldos non aumentaron coa mesma rapidez que os prezos o que desencadeou un gran malestar social.

Todo isto desembocou na profunda crise de 1917, manifestada en tres ámbitos diferentes: o político, o militar e o social.

- No primeiro caso, manifestouse mediante a Asemblea de Parlamentarios, onde un grupo de deputados e senadores da oposición, a iniciativa da Lliga catalána, demandaron un cambio na Constitución e de goberno.
- No plano militar, creáronse as Xuntas de Defensa, onde os membros descontentos do exército expuxeron as súas reivindicacións económicas, profesionais (salarios, ascensos) e corporativas e conseguiron impoñer ás súas demandas ao poder civil.
- A crise social manifestorase xa na folga xeral contra o coste da vida, organizada pola UXT e a CNT en 1916. O conflito social agravouse coincidindo coa Asemblea Parlamentaria e levou ao PSOE e a UXT a convocar unha folga xeral revolucionaria, co fin de derrocar o réxime. Acabou cunha forte represión e foi maioritaria en Barcelona, Madrid, País Vasco e Asturias.

En síntese esta época supuxo o descontento contra o sistema e a mobilización dunha parte moi ampla da poboación, e desembocou a súa vez, na quebra da quenda, dando lugar ao comezo de gobernos de coalición como resultado da fraccionamento dos partidos dinásticos.

A crise social, agudizada pola recesión económica da posguerra mundial e o influxo da revolución rusa de 1917 favoreceu un enorme crecemento dos sindicatos. En Andalucía coñécese ao período 1918-1920 como o trienio bolxevique, coa intensificación das mobilizacións campesiñas e a ocupación e repartición de terras dirixidos polos dous grandes sindicatos (CNT e UGT); revoltas que desembocaran nunha forte represión por parte do goberno. No mundo urbano e industrial a conflitividade provocou a radicalización das posicións da patronal e os sindicatos. Os grupos anarquistas desenvolveron unha actividade violenta a través de atentados contra o capital. A resposta da patronal foi o pistolerismo e o fomento dos sindicatos libres. O período que vai dende 1917 ata 1923 contará cun número moi elevado de mortos e feridos.

Por outra parte, como continuación da guerra de Marrocos, unha manobra do xeneral Silvestre durante a ocupación de Alhucemas levou ao desastre do Annual no 1921, lugar onde as tropas foron contraatacadas polos indíxenas dirixidos por Abd-El- Krim con inmensa brutalidade, e que por tanto provocou miles de mortos. Esta actuación produciu un forte impacto na opinión pública e levou á busca de responsabilidades a través do expediente Picasso que implicaba a dirixentes políticos, militares e incluso ao rei. Con todo, a incapacidade do sistema de rexenerarse e o cúmulo de problemas, favoreceu no 1923 o golpe de estado de Primo de Rivera.





15.- A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais)

A ditadura de Primo de Rivera foi o réxime político que houbo en España dende o golpe de Estado do capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, o 13 de setembro de 1923, ata a dimisión de éste o 28 de enero de 1930 e a súa substitución polo goberno de Dámaso Berenguer.

Diversos factores explican que a ditadura militar comezara a contemplarse como unha solución á crise entre a alta burguesía, gran parte das clases medias e o Exército. Un deles foi o descontento do exercito tras o desastre de Annual ocorrido en Marrocos e o afán de evitar as consecuencias do expediente Picasso para algúns importantes xenerais, entre eles Berenguer. Outro factor foi a auxe dos nacionalismos periféricos e ascenso dos republicanos e do movemento obreiro. Ademais, o número cada vez mais elevado de prácticas terroristas cun elevado número de vítimas provocaba un forte impacto na sociedade. Por último, o triunfo do fascismo Italiano tras a Marcha sobre Roma en 1922 e o ascenso ao poder de Mussolini constituíu un importante exemplo para a situación española do momento.

A sublevación de Primo de Rivera (1923) contou coa inmediata comprensión e apoio do rei Alfonso XIII. O réxime da Constitución do 1876 foi substituído no medio da indiferencia popular e con escasa resistencia por unha ditadura militar. Primo de Rivera declarou o estado de guerra, a supresión das garantías constitucionais e a disolución das Cortes.

O seu goberno dividese en dúas etapas:

- Directorio Militar (1923-1925): Tras o golpe, o ditador Primo de Rivera constituíuse o ministro único, pasando a ser asesorado por un Directorio Militar (composto exclusivamente de militares). Tras o novo goberno estaba o mesmo bloque de poder que dominara o país durante a Restauración, a oligarquía de terratenentes e industriais. O ditador tomou rapidamente medidas:
 - Represión dos nacionalismos. Prohibición da bandeira e himno catalán e restricción da lingua catalana ao terreo privado.
 - Política de “man dura” en todo referente á orde pública, reprimindo folgas e manifestacións e perseguindo as manifestacións do terrorismo anarquista.
 - Formación da Unión Patriótica, partido único baixo a dirección dun militar. Tratábase de seguir o modelo fascista de Mussolini en Italia.
 - O grande éxito do Directorio tivo lugar en África. O Desembarco de Alhucemas en 1925 puxo fin á resistencia das cábilas do Rif. O seu líder Abd-el-Krim entregouse ás autoridades do Marrocos francés.
- Directorio Cívil (1925-1930):
 - A finais de 1925, un goberno cívil, presidido por Primo de Rivera, substituíu ao Directorio Militar. Tratábase de institucionalizar a Ditadura. En 1927, constituíuse una Asamblea Nacional Consultiva, formada na súa





- mioría por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido. Primo continuaba a seguir o modelo italiano, neste caso o Consello Fascista. Esta Asamblea fracasou rapidamente no seu intento de redactar unha lei fundamental que fixera o papel da Constitución da ditadura.
- Tamén imitou o modelo social do fascismo italiano, establecéndose a Organización Corporativa Nacional, especie de sindicato que trataba de arbitrar entre patróns e obreiros mediante a creación dos *comités paritarios* para o que contou coa colaboración dos socialistas que a consideraron vantaxosa para consolidar tanto o partido como o sindicato.
 - A política económica da ditadura caracterizouse polo intervencionismo estatal e o nacionalismo económico. Os seus obxectivos foron impulsar a industria nacional mediante uns elevados aranceis proteccionistas e a concesión de axudas ás grandes empresas. Tamén creou grandes monopolios estatais (CAMPSA, Telefónica) e desenvolveu grandes inversións na construción de obras públicas. Este foi un dos aspectos máis destacados desta etapa (obras de regadío, construción de encoros para a produción de enerxía eléctrica). Aínda que se beneficiou da coxuntura expansiva internacional da década dos vinte, esta política de gasto público obrigou a un incremento moi importante da débeda pública que pasará factura ao estado coa crise mundial de 1929.

A partir de 1926, a ditadura empezou a perder apoios e aumentaron a crítica e a oposición das que non se librou Alfonso XIII. Os partidos da alternancia e os republicanos comezaron a mostrar a súa oposición ao réxime; intelectuais, escritores e xornalistas enfrontáronse ao ditador a pesar da censura; tamén o fixeron universitarios e nacionalistas. Finalmente Primo de Rivera, falto de apoios, incluso dos militares (descontentos desde a disolución do corpo de artillería) e do rei, cunha imaxe que quedou ligada ao réxime ditatorial presentou a súa dimisión en xaneiro de 1930.

16.- O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)

Tras a dimisión do ditador Miguel Primo de Rivera o 29 de xaneiro de 1930, tivo lugar unha serie de gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da febleza dos partidos dinásticos. Alfonso XIII nomea presidente do goberno a Dámaso Berenguer. Este período será coñecido como ditablanda debido ás pretensións do presidente de restablecer o sistema de 1876. A lentitude na aplicación de reformas foi a causa do fracaso de Berenguer. Durante o seu goberno, tivo lugar o Pacto de San Sebastián (17 de agosto de 1930). Nel, a Alianza Republicana e outras personalidades políticas de ideoloxía socialista ou nacionalista, acordaron a estratexia para poñer fin ao reinado de Alfonso XIII e instaurar a República. Ademais, en decembro dese ano, tiveron lugar varios intentos frustrados de imponer a república pola forza. O máis salientable foi o acontecido en Jaca, levado a cabo polos capitáns Galán e García Hernández. O resultado foi a detención e o fusilamento destes militares.






Berenguer foi remplazado polo almirante Juan Bautista Aznar en febrero de 1931. O novo goberno convocou, o 12 de abril, eleccións municipais. Estas adquiriron un carácter de plebiscito a favor ou en contra da monarquía. O triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades e capitais de provincia propiciou a proclamación da 2ª República o 14 de abril de 1931.

O Goberno provisional, que fora deseñado no Pacto de San Sebastián, proclamou presidente do goberno a Niceto Alcalá-Zamora. Sen apoios, Alfonso XIII exíliouse. Dende abril a decembro, o país estivo presidido por este Goberno Provisional no que se aprobaron unha serie de decretos que abordan temas pendentes na política española

- Desenvolver unha serie de medidas e decretos necesarios para poñer en marcha a república: decretar a amnistía, restablecer as liberdades públicas e sindicais, convocar de eleccións a Cortes Constituíntes.
- Debeu enfrentar o problema de Cataluña xa que o mesmo 14 de abril, en Barcelona, Francesc Maciá (dirixente de Esquerra Republicana) proclamou o *Estado catalán e a república federal*. O goberno provisional, tratando de reconducir a situación, acordou un programa para acelerar a inmediata posta en marcha da autonomía catalana co recoñecemento da Generalitat como órgano de goberno autónomo provisional e a inmediata elaboración dun estatuto.
- Tamén deu inicio a unhas serie de medidas reformistas para afrontar problemas que necesitaban unha resposta inmediata: a miseria agraria con medidas para favorecer aos xornaleiros agrarios como o decreto de labra forzosa ou o decreto de termos municipais, o analfabetismo coa dotación de escolas e mestres e a republicanización do exército coa reforma militar de Azaña.

Nas eleccións a Cortes constituintes a coalición de republicanos e socialistas que formaba o goberno provisional oobtivo unha ampla maioría. Estas cortes aprobaron a primeira constitución republicana da historia de España: a Constitución de 1931.

Esta constitución declara a España como unha República Parlamentaria de traballadores de toda clase e laica, con separación entre Igrexa e Estado. Un Estado integral onde cabe a posibilidade de crear un Estado autonómico alí onde se solicite. Algúns dos seus rasgos máis característicos son: o sufraxio universal masculino e feminino (levado á práctica por primeira vez en 1933), soberanía popular, unha ampla declaración de dereitos nos que aos dereitos individuais clásicos se lle unen a liberdade de reunión, asociación, dereito á educación, dereitos de tipo social que significan un avance significativo respecto ás anteriores constitucións. O Presidente da República sería elixido polas Cortes (órgano unicameral) por un período de 6 anos e ten a potestade de nomear ou destituír ao Presidente de Goberno, pero sempre coa conformidade das Cortes. Un sistema de controis mutuos entre as Cortes e a Presidencia da República. Tamén establece un modelo de economía no que asumía o principio de que a riqueza do país quedaba subordinada aos intereses da economía nacional e, aínda que garantizaba o dereito á propiedade privada, establecía a posibilidade da expropiación, abrindo así a posibilidade da reforma agraria. Tamén concedía ao Estado a posibilidade de intervir e dirixir os asuntos





económicos e abriu a posibilidade de nacionalización de certos sectores da economía.

A proclamación da República tivo unha forte repercusión no panorama político, dividindo á sociedade en polos opostos, feito que desencadeará no 36 a Guerra Civil. Na dereita, nun primeiro momento cunde a desorientación pola proclamación da República, pero despois aparecen reorganizada en torno á *CEDA* de Gil Robles que aglutinou a distintas dereitas rexionais, contou co apoio da xerarquía católica e expresou de forma ambigua o seu actamento ao sistema. Tamén na dereita aparecerán partidos de perfil máis autoritario, monárquicos afonsinos (*Renovación española*), carlistas (*Comunión Tradicionalista*) e algúns fascistas como *Falange Española y de las JONS* liderada por Jose Antonio Primo de Rivera. Na esquerda destacan o *PSOE*, o *PCE*, o *POUM* (comunistas de tendencia trostkista) e o anarquismo da *CNT* e a *FAI*. Na liña de pensamento republicano temos formacións de dereitas, de centro dereita populista como o *Partido Republicano Radical* de Lerroux ou de esquerda como é o caso de *Acción Republicana* de Manuel Azaña ou a *ORGA* de Casares Quiroga. No nacionalismo periférico destacan partidos de dereita como o *PNV* vasco ou a *Lliga* catalana e partidos de esquerda como *Esquerra Republicana* de Cataluña.

17.- As grandes reformas da República

Trala proclamación da Segunda República, cóvócanse eleccións a cortes constituíntes, que deron a maioría ós grupos pro-reformistas dos partidos centristas republicanos e *PSOE*. Aprobán a Constitución de 1931, que definía a España como un estado democrático, laico, cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal total e cunha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía. Como presidente da república foi elixido Niceto Alcalá Zamora, que encargou a Manuel Azaña que formase goberno. Azaña optou pola alianza dos republicanos de esquerda e os socialistas para gobernar.

Comeza así o denominado bienio reformista (1931-1933) debido as importantes reformas realizadas que pretendían transformar e modernizar as estruturas sociais, políticas e económicas herdadas da Restauración e se atoparan coa oposición dos grupos oligárquicos que detentaban dito poder. Ademais, estas reformas veranse afectadas pola conxuntura económica da II República, condicionada polo crack do 29, que dificultó a obtención de fondos para a súa financiación.

A primeira das reformas foi a reforma militar ou Lei Azaña que consistía nunha reestruturación do exército. Debido a que durante a ditadura de Primo de Rivera se promocionaron os ascensos tanto por méritos como por antigüidade, a estrutura adoece dunha macrocefalia excesiva facéndoa inoperante e terriblemente cara. Isto levou á degradación de moitos militares, como Francisco Franco. Suprimíuse a Academia de Formación de oficiais de Zaragoza (para non favorecer o incremento de novos oficiais). Por temor, o goberno non se atreveu a suprimir a Garda Civil e para realizar funcións de policía urbana e protectora da República, preferiu crear os Gardas de Asalto. Finalmente recortan a Lei de xurisdición de 1906. Esta reforma provocou a crispación de moitos sectores do exército, sobre todo ós africanistas.





A reforma educativa e a coñecida como reforma relixiosa (ou do clero) foron impulsadas polo carácter laico do Estado español establecido pola Constitución, que estableceu por primeira vez na Historia de España a separación da Igrexa e o Estado. Dita reforma supón a extinción do Concordato de 1851 o que supón afirmar a non confesionalidade do estado, aprobar a liberdade de cultos, o divorcio e o matrimonio civil. No plano educativo prohibiron o ensino ás ordes relixiosas e apostaron por modernizar os métodos pedagóxicos, investir na formación de profesores laicos e construír numerosas escolas públicas primarias para alfabetizar á poboación (todo isto en relación coa liña pedagóxica de Giner de los Ríos ou Ferrer i Guardia; destaca tamén o compromiso de La Barraca de Lorca pola difusión da cultura). Todo isto provocou a crispación do clero.

O goberno tamén plantexou a necesidade de levar a cabo unha reforma agraria para tratar de resolver os graves problemas do campo español, que non lograron arranxar os liberais cos seus procesos desamortizadores. No momento no que se promulga a reforma presentábase unha estrutura latifundista, caracterizada pola abundancia dos xornaleiros. A lei da reforma plantexaba a expropiación con ou sen indemnización das terras non productivas dos terratenentes. O principal obxectivo era a creación dunha clase media campesiña que tributase e consumise. Con todo isto, os terratenentes perden o poder social sobre os xornaleiros, polo que comezan a intentar entorpecer o proxecto mediante os seus deputados. Os xornaleiros, desesperados ante a lentitude e pouca repercusión da reforma, introdúcense na doutrina política do anarquismo na defensa dunha mellora da súa precariedade. A tensión faise evidente no golpe de estado de Sanjurjo (1932) que malia o seu fracaso axiliza a reforma, ou na matanza de Casas Viejas, provocada pola represión por parte das forzas da orde pública dunha revolta dos xornaleiros anarquistas. Consecuentemente, esta reforma non descontenta unicamente aos propietarios das terras, senón tamén aos xornaleiros, pola escaseza de cambios e a severidade da represión costandolle a República o apoio da CNT-FAI nas seguintes eleccións.

A reforma da estrutura territorial do estado pretendía conceder estatutos de autonomía as denominadas nacionalidades históricas descentralizando a administración do Estado. Os cataláns lograrán obter o seu estatuto en 1932 (suspendido en 1934 durante o bienio antireformista e repostado polo goberno da Fronte Popular). Os vascos tardan en obter o seu estatuto, pois o que propoñen inicialmente o PNV e os carlistas non foi aceptado por antirrepublicano o cal conseguirán en 1936. En Galicia, tardase moito en elaborar o estatuto de autonomía e cando os deputados do Partido Galeguista o presentan en 1936 (foi Castelao o encargado) non chega a ser confirmado polas Cortes debido ao inicio da Guerra Civil.

Finalmente a reforma social de Largo Caballero (secretario xeral do PSOE e UXT) tratou de mellorar a situación dos obreiros fomentando reformas nas negociacións dos contratos de traballo decretando seguros sociais e favorecendo a actividade dos sindicatos. Estas reformas non chegaron a contentar ós obreiros e xornaleiros, pero molestaron moito ós empresarios e terratenentes.

A posta en práctica de todas estas reformas atópase limitada pola inestabilidade política presente durante a república, e pola oposición da oligarquía, acostumada a exercer o poder e o control, que optará por organizarse electoralmente. Destacará a





CEDA de Gil Robles, que aglutinará aos católicos e alfonsinos descontentos, e o primeiro partido fascista *FE y de las JONS* de J. A. Primo de Rivera.

En 1933 Alcalá Zamora disolverá as cortes e convocará eleccións que gaña o bloque antirreformista, debido a unidade dos católicos, o sufraxio universal total, o abstencionismo anarquista derivado de Casas Viejas e a lentitude do proceso reformista. Iníciase así o denominado Bienio antirreformista ou negro, dominado polo Partido Republicano Radical de Lerroux e a *CEDA*, cuxa principal tarefa foi abolir dito proceso reformista.

En febreiro de 1936 unha nova coalición chamada a Fronte Popular, integrada polos reformistas e o PSOE, obtén a vitoria coa proposta de volver a poñer en funcionamento o proceso reformista iniciado en 1931 e unha amnistía para os represaliados no bienio anterior (destacan os sucesos de outubro de 1934 e a folga de Cataluña). Neste momento, os sectores que se sentiron agraviados deciden abandonar a loita electoral e organizar un golpe militar en conexión co contexto Europeo de desprestixio dos reximes liberáis parlamentarios e auxe dos totalitarismos. Neste momento, xa cesado Alcalá Zamora, o executivo está integrado por Manuel Azaña como Presidente da República e Casares Quiroga como presidente do goberno.

A modo de conclusión en relación a este tema podemos afirmar que a sublevación do 18 de xullo de 1936 ten como aglutinante non tanto un proxecto político común, xa que as súas propostas eran ideolóxicamente heteroxéneas e oscilaban desde unha ditadura militar republicana de Mola ata a restauración borbónica de Gil Robles, senón paralizar o proxecto reformista iniciado en 1931.

18.- A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional

Ante as eleccións de febreiro de 1936, formouse nunha coalición de esquerdas, a Fronte Popular, resultado dun acordo electoral, pero non de goberno, entre os partidos republicanos de esquerda, os socialistas e os comunistas, cun programa moderado baseado nunha amnistía xeral para os encarcerados polos sucesos de outubro de 1934 e a recuperación da política reformista do primeiro bienio. Fronte a esta coalición electoral, as dereitas e o centro presentáronse desunidos: a *CEDA* fracasou no seu intento dunha coalición de dereitas a escala nacional e só logrou establecer pactos concretos e tamén fracasou a extrema dereita no intento de recompoñer o Bloque Nacional.

As eleccións foron gañadas pola Fronte Popular e, primeiro Azaña e logo Santiago Casares Quiroga, foron elixidos par dirixir o Goberno. Este último dispersou aos xenerais máis contrarios á República (Franco, Sanjurjo, Mola...), por ser sospeitosos de tramar un golpe de estado. Non obstante, a derrota electoral da dereita, a volta ás reformas do primeiro periodo republicano e o auxe das posicións revolucionarias provocou en diferentes sectores conservadores o medo á revolución social e estimulou os proxectos golpistas ideados por estes militares (fundamentalmente por Mola). O estoupido da sublevación acelerouse despois do asasinato do militante de





esquerdas José Castillo e, ao día seguinte como represalia, do deputado de dereitas Calvo Sotelo.

O 17 de xullo de 1936, as tropas situadas no Protectorado de Marrocos levantáronse en contra da República e, o día 18 fixérono na Península. Entre os días 18 e 20 de xullo o alzamento militar estendeuse ao resto do territorio español con resultados moi diversos. Triunfou en parte de Andalucía, onde o xeneral Queipo de Llan se fixo co poder en Sevilla. O xeneral Mola ocupou Navarra. En Zaragoza, o xeneral Cabanellas logrou dominar a maior parte de Aragón. A rebelión militar tamén se fixo co poder en Castela e León, A Ríoxa, Galicia, Canarias, Mallorca e parte de Estremadura.

Nas grandes cidades, Madrid, Barcelona, Valencia e nas zonas industriais e obreiras de Asturias, País Vasco e Cataluña abortouse a sublevación militar. Nestes sitios, parte do exército e das forzas de orde pública, Garda de Seguridade e Asalto e Garda Civil, mantivéronse fieis á república, ao que se engadiu a fundamental e forte resistencia popular de milicianos das organizacións políticas e sindicais. Tras fracasar o intento de negociación cos sublevados, o goberno da República dirixido por José Giral dera a orde de repartir armas aos militantes das organizacións obreiras.

A raíz do conflito xorden dous bandos: o bando nacional ou os sublevados, formado por oficiais intermedios do exército de Terra, a Garda Civil, as masas católicas e conservadoras, pequenos e medianos terratenentes e que contaba co apoio total da Igrexa; e o bando a favor da República, coñecidos como os vermellos polas forzas sublevadas, que estaban constituídos por xenerais do exército de Terra, a Armada e a mariñeiría, a Aviación, a Garda de Asalto, os partidos de esquerda, o proletariado e a pequena burguesía.

Rapidamente o conflito orixinou implicacións internacionais, debido ás tensións políticas existentes nese momento en toda Europa. O auxe do fascismo en Italia e Alemaña provocara unha grande preocupación en países coma Gran Bretaña e Francia. Estes últimos tentaron non conferir un carácter internacional ao conflito acordando coas potencias fascistas un Comité de Non Intervención.

Italia e Alemaña, cos que simpatizaban ideolóxicamente os sublevados, non cumpriron o establecido e proporcionaron axuda aos sublevados, material bélico e voluntarios. A Italia de Mussolini estaba moi interesada en contar con España para impoñer o seu soño imperial de dominio no Mediterráneo e no norte de África e enviou un numeroso corpo de voluntarios, coñecida como os *Camisas Negras* italianos. As forzas sublevadas tamén contaron co apoio de Portugal, que enviou aos *Viriatos* (10.000 voluntarios). Alemaña xogou un papel fundamental xa que, grazas á súa axuda, os militares puideron atravesar o Estreito de Xibraltar, protexido pola Armada, afín á República. O réxime nazi, interesado en privar a Francia dun aliado no flanco sur e facer da guerra española un campo de probas para o seu material militar e as novas tácticas de guerra, enviou aos nacionais unidades de carros de combate, forzas de defensa aérea e aviación organizadas na chamada Lexión Cóndor.

Por outro lado, a República case non tivo apoios, excepto a Unión Soviética e, en menor medida, México. A URSS, dirixida por Stalin, mostrouse prudente inicialmente





mais, coa intervención de Hitler e Mussolini, decidiu colaborar co goberno da República e enviar asesores militares e armas. Ademais, acudiron a participar na Guerra Civil as Brigadas Internacionais, partidas de voluntarios procedentes de diversos países, estimulados pola Internacional Comunista ou Komintern en defensa da causa republicana fronte a ameaza internacional do fascismo.

19.- O franquismo: características e institucionalización

O resultado da Guerra Civil (1936-39) foi a consolidación do réxime ditatorial que os sublevados contra a República democrática comezaran a construír na denominada "*España nacional*" dende outubro do 36. Nos seus case 40 anos de existencia, o franquismo mantívose, con escasos cambios, como unha férrea ditadura militar, moi conservadora, baseada na represión feroz dos seus opositores e a eliminación dos dereitos e liberdades dos españois.

A vitoria dos militares sublevados na Guerra Civil significou a liquidación da experiencia democrática republicana e a instauración dun réxime ditatorial baseado nos chamados ideais do 18 de xullo:

- Un estado forte e centralizado que garantise a unidade de España e unha orde social e moral baseada na doutrina da igrexa e no ideario fascista da Falanxe (nacional-sindicalismo e corporativismo): familia tradicional (submisión da muller), catolicismo, propiedade privada, centralismo e orde.
- A concentración do poder en mans do xeneral Franco: o Caudillo reuniu na súa persoa a xefatura do Estado, do Goberno, das Forzas Armadas, do partido único e o poder lexislativo. Empregou un poder absoluto e represor, suprimindo os dereitos e liberdades e exaltando a figura do líder ao estilo fascista (o *caudillo*). Concentrou nas súas mans un poder ilimitado do que segundo él só respondería "*ante Deus e ante a Historia*".
- A defensa da proclamada verdadeira tradición española, asociada ao mitificado esplendor da España imperial dos séculos XVI e XVII, contra a influencia estranxeira do liberalismo, a masonería, o socialismo e o comunismo.

Basicamente tratouse dunha ditadura militar, moi conservadora e católica (*nacional-catolicismo*) que mantivo sempre un carácter represivo e contou cunha forte oposición, pero que gozou tamén dun notable apoio social. O exército, a igrexa eforon as columnas vertebrais do réxime. Compartían o poder con outras familias políticas do réxime: os falanxistas, os monárquicos, os católicos e os tecnócratas do Opus Dei.

Impulsou un ríxido control social e ideolóxico a través da educación e a censura de prensa, cine e cultura. Tamén utilizou os medios de comunicación para exaltar a figura do caudillo e convencer aos españois dos logros e beneficios do réxime. A Fronte de Xuventudes e a Sección Feminina axudaban a adoutrinar a poboación.

O franquismo caracterizouse por unha extraordinaria capacidade de adaptación tanto ao contexto internacional como aos cambios socioeconómicos experimentados polo país durante este longo período. A ditadura para lexitimarse foi construíndo un





contexto constitucional, a base dunhas leis fundamentais que responderon as necesidades políticas de cada momento e que definiron o réxime como unha *democracia orgánica* fronte á democracia parlamentaria:

- *Foro de traballo* (1938): Regulamentaba o mundo laboral, complementado pola lei de Unión Sindical de 1940.
- *Lei de Cortes* (1942): Creaba as novas Cortes orgánicas con función deliberante e consultiva.
- *Foro dos Españóis* (1945): Táboa de dereitos e deberes a modo de Carta Outorgada.
- *Lei de Referendo* (1945): Daba participación á opinión pública para sancionar as leis que decidía o xefe de Estado.
- *Lei de Sucesión* (1947): España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como xefe do Estado.
- *Lei de principios do movemento* (1958): Establecía os principios inmutables e permanentes do réxime: unidade de España, condición de reino Católico, e unidades naturais na vida social: familia, municipio e sindicato.
- *Lei orgánica do Estado* (1967): Compendio definitivo da democracia orgánica, síntese e actualización dos anteriores.

Unicamente a morte do ditador, en Novembro do 1975, abriría o camiño cara a democracia.

20.- O franquismo: as forzas de oposición ao Réxime

Tras á Guerra Civil e a chegada de Franco ao poder, foron moitos os que se mostraron contrarios ao réxime, e dalgunha maneira ou outra, fixéronse ver durante esta longa etapa do franquismo. Por unha parte, os exiliados, obrigados a abandonar o país como consecuencia da súa derrota e co fin de escapar do represivo sistema. Por outra, tamén atopamos os maquis, guerrilleiros pertencentes a grupos ou partidos antifranquistas trasladados ao monte dende onde emprenderon a loita, co fin de derrocar o sistema dacordo coa súa ideoloxía republicana. Un intento disto foi o caso da invasión anarquista de val de Arán, en 1944, que buscaba a intervención dos aliados contra a España franquista, fallida estrepitosamente. Os guerrilleiros, comunistas e anarquistas principalmente realizaban sabotaxes, golpes de man e mantiveron enfrontamentos violentos coa garda civil, os falanxistas e o exército. Refuxiados nas áreas montañosas tiveron unha intensa actividade en Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia.

Nos anos 50 descendeu a actividade da guerrilla pola represión e as consignas de abandono da loita armada para concentrar a actividade na oposición política. Os partidos no exilio asumiron a imposibilidade de derrubar a Franco pola forza e crearon redes de actuación interna buscando infiltrarse en ámbitos universitarios, sindicais e laborais.

A partir dos anos 50 o movemento estudiantil foi un dos ámbitos máis activos das protestas. Isto podía verse en ámbitos como as universidades, a partir de 1956, onde as protestas baseábanse principalmente en conseguir un sindicato de estudantes que substituíse ao oficial (SEU), ao que o Goberno sempre contestou cunha





negativa, deixándoo claro mediante suspensión de clases, expedientes, peche de universidades, etc.

Xa nos anos 60, ao tempo que se liberalizaba e melloraba a situación económica, intensificábase aínda máis a oposición, que reclamaba un réxime democrático. A pesar do estrito control algunhas folgas convertéronse na forma máis efectiva de protesta, mesturando obxectivos políticos e económicos (obter dereitos como a redución da xornada, mellora de salarios...). Disto nacen as Comisións Obreiras en 1962, clandestinamente, onde os seus líderes pretendían chegar aos obreiros con facilidade grazas a estrutura do sindicato vertical. Aínda así, os conflitos non tardaron en producirse en lugares como Asturias o Cataluña, sendo os líderes fortemente reprimidos. A súa vez isto fixo que a afiliación sindical e a militancia clandestina contra o réxime aumentase.

Os partidos políticos organizaronse no exilio e no interior do país, donde actuaron clandestinamente. Podemos destacar o PCE, que mantivo unha forte oposición tanto a nivel externo como no interior na clandestinidade e o PSOE. En 1962, durante o IV Congreso do Movemento Europeo reunido en Múnic, celebrouse unha reunión de destacados membros da oposición do interior e do exilio que reivindicaron un réxime democrático para España. A prensa do réxime denominará a esta reunión o Contubernio de Múnic, calificando estas demandas como unha inxerencia nos asuntos internos de España. O goberno castigou con dureza aos participantes do interior que foron metidos no cárcere ou desterrados, con gran escándalo da prensa europea.

Incluso parte da Igrexa, comezou a mostrar a súa oposición ao réxime tras os cambios do Concilio do Vaticano II, facendo así un documento firmado por 339 sacerdotes denunciando malos tratos e falta de liberdades.

No País Vasco, ás manifestacións político-laborais uniuse a actividade terrorista. En 1959 fundouse ETA, forma radicalizada do nacionalismo vasco, que cometerá o seu primeiro asasinato en 1968. As súas accións terroristas pasaron do País Vasco ao ámbito estatal, onde levou a cabo atentados sangrentos.

A resposta da ditadura ante a oposición oscilou entre a represión e certa apertura política. Nun intento de mellorar a imaxe española de cara a opinión pública suprimíronse os tribunais militares e creouse o Tribunal de Orde Pública (TOP) en 1963, encargado de xulgar delitos político e contrarios ao réxime. Sin embargo ante o terrorismo pasáronse á xurisdicción militar estes delitos e fíxose habitual o estado de excepción. En 1970 o *Proceso de Burgos* dictará 9 penas de morte que suscitarán fortes protestas internacionais

A oposición antifrancista foi en aumento nos anos 70 en todos os sectores: a crise económica e a crecente debilidade política motivará protestas de obreiros e universitarios; aumentará a tensión da e certos sectores da Igrexa coas autoridades, especialmente polo chamado caso Añoveros, debido á defensa do eusquera que fixo este bispo de Bilbao; no exército un grupo de oficiais xoves formará clandestinamente a UMD (Unión Militar Democrática); e tamén incrementábase a actividade terrorista (tanto da ETA – atentado contra Carrero Blanco - como de grupos vinculados ó extremismo de esquerdas) o que provocou un incremento paralelo da represión do réxime.





Ademáis ante o esgotamento do réxime incrementárase a actividade dos partidos políticos no exilio. Estes partidos no exilio e as organizacións antifranquistas buscarán establecer un fronte común contra a ditadura: en torno ó partido comunista formárase a Xunta Democrática (1974); logo impulsada polo PSOE formárase a Plataforma de Convergencia Democrática e da unión de ambas organizacións xurdirá a chamada Plataxunta.

21.- O franquismo: política económica

A economía española durante a época do franquismo pódese dividir en dúas etapas. A primeira etapa é a da autarquía caracterizada por unha buscada autosuficiencia económica, propia do ideario fascista, e un obrigado illamento internacional que comeza no momento en que os militares sublevados gañan a Guerra civil. A segunda etapa parte do ano 1959 cando se aproba o Plan de Estabilización Nacional e España abre a súa economía ao exterior e comezan a chegar os investimentos estranxeiros atraídos pola man de obra abundante e barata.

O período de autarquía tiña como obxectivo lograr a autosuficiencia económica para non depender economicamente do exterior, impulsando a produción interior e dificultando as importacións mediante a imposición de elevados aranceis. Na agricultura descendeu a produción debido a escaseza de abonos e á baixa produtividade o que se traduciu en problemas no abastecemento de alimentos e nun aumento dos prezos. As capas sociais máis pobres sufriron a inflación e os baixos salarios e a miúdo tiveron que recorrer a unha economía de subsistencia e troco. O atraso económico que favoreceu a aparición da fame e o aumento da miseria e pobreza extrema. Ante a escaseza de alimentos e o aumento dos seus prezos o goberno viuse obrigado ao establecemento de cartillas de racionamento e interveu a produción agrícola a través do Servizo Nacional do Trigo que obrigaba aos agricultores a entregar a maior parte das colleitas a un prezo regulado. Os labregos procuraban evadir estas obrigas por diversos medios (ocultando as colleitas) e as multas e requisas resultaron ineficaces. O desabastecemento propiciou o mercado negro, ou estraperlo, paralelo ao oficial no que se podían atopar abundantes produtos a prezos moi elevados. Esta práctica favoreceu a usura, o amiguismo e o enriquecemento do contorno do réxime.

Para lograr incrementar a produción agraria tomáronse medidas como a explotación de novas terras coa creación do Instituto Nacional de Colonización que, entre os anos 1945 e 1970, construíu máis de 300 novos núcleos de colonización. Na década de 1950 iniciáronse plans integrais co desenvolvemento de regadíos, a construción de vivendas e a extensión da rede eléctrica destacando o plan Badaxoz. Tamén en 1952 aprobouse a Lei de Concentración Parcelaria para evitar o minifundismo e facer máis rendibles estas explotacións. A pesar da propaganda oficial que se fixo destas medidas, estas tiveron resultados moi escasos.

No ámbito industrial seguíuse a política intervencionista coa creación do Instituto Nacional de Industria (1941) para o control da produción dos sectores industriais básicos cuxo maior inversor e promotor era o Estado. Aínda evitando o contacto





económico có exterior a dependencia tecnolóxica e enerxética do estranxeiro provocou que non se cumprisen os obxectivos marcados.

No transporte destacou a nacionalización da rede de ferrocarrís de vía ancha e a creación en 1941 de RENFE. As transaccións comerciais estaban fortemente intervidas polo Estado e o comercio exterior organizábase a través dun sistema de licencias e acordos bilaterais mentres que o comercio interior estaba regulamentado pola Comisaría de Abastecementos e Transportes desde 1939.

A partir dos anos cincuenta iniciouse a recuperación económica que se produciu grazas a dous factores; o primeiro foron as boas colleitas dos primeiros anos da década que permitiron recuperar taxas de produción anteriores á guerra e ter excedentes agrícolas e o segundo foi a importante cantidade de divisas, materias primas, fontes de enerxías e bens de equipo proporcionada polos acordos con EEUU. Ademais, a poboación española experimentou nos anos 50 un crecemento demográfico importante que permitiu dispoñer de man de obra abundante.

En 1959 aprobouse o plan de Estabilización que foi un programa de reformas realizado por un equipo de ministros e de altos cargos técnicos (a maioría vinculados ao Opus Dei) e contou co apoio do Fondo Monetario Internacional. O seu obxectivo era establecer un modelo baseado na liberdade económica máis acorde coa economía capitalista occidental. Esta economía baseábase na flexibilidade de prezos e salarios, determinados polo mercado e non polo Estado, unha política monetaria que obrigaba a establecer a paridade da peseta respecto das divisas internacionais e a liberalización dos intercambios comerciais. No sector público, o Goberno comprometíase axustar os gastos aos ingresos, reducir a inflación e mellorar o rendemento do sistema fiscal. O éxito máis destacable do Plan de Estabilización foi sentar as bases para iniciar o forte crecemento da década dos anos 60 e 70, así como o abandono definitivo do modelo autárquico.

Coa nova política de estabilización púxose en práctica unha planificación económica, dirixida por López Rodó. Entre 1964 e 1975 puxéronse en marcha tres plans de desenvolvemento cun marcado carácter industrial. Tratouse ademais de favorecer ás rexións menos industrializadas do país a través da creación dos polos de promoción e desenvolvemento e outras iniciativas.

Entre 1960 e 1975 producírase un crecemento espectacular da riqueza e produción nacional. O crecemento económico español produciuse no contexto do crecemento xeralizado da economía europea e mundial tras a segunda guerra mundial. Os tres piares básicos do crecemento da economía neste período foron o investimento de capitais extranxeiros en industrias que se instalan en España aproveitando un entorno favorable de baixos salarios, escasa conflictividade e facilidades estatais á inversión, as remesas enviadas polos emigrantes españoles en Europa e os ingresos do turismo internacional que comenza a chegar masivamente a España en busca de sol e praia. O crecemento urbano e o turismo fomentarán tamén o auxe da construción. España converteuse nun país industrializado, abandonando a súa base agraria e mecanizando a agricultura.

Cabe destacar que durante este segundo período aínda que se produciu un desenvolvemento económico en España, o mercado interior non foi capaz de absorber a man de obra excedente polo que nesta década se produciu un gran





incremento da emigración tanto do rural ás cidades como cara ao exterior, especialmente aos países europeos. O crecemento económico non tivo en conta o impacto ambiental nin unha axeitada política urbanística polo que o desenvolvemento do turismo transformou dun xeito notable o litoral mediterráneo.

Todo este desarrollismo finaliza coa crise económica do 73, cando se produce a suba dos prezos do petróleo, que en España se traduce en inflación e conflitividade laboral, deixando un legado de difícil xestión para a etapa política da Transición.

22.- A agonía do franquismo e os inicios da Transición

Tras a prosperidade económica dos anos 60 (freada pola crise de 1973), a sociedade española mudou o que fixo xurdir unha ansia xeral de cambio e de maiores liberdades. Xorden diferenzas nas filas franquistas entre os sectores máis conservadores (“bunker”) e aqueles que estaban a favor dunha pequena apertura (“aperturistas”). Ademais, o estado de saúde do ditador e as crecentes dificultades políticas e económicas anunciaban a fin do réxime.

No ano 1973 prodúcese unha crise enerxética mundial (subida dos prezos do petróleo, acordada pola OPEP) que afecta gravemente a economía, deixando ao descuberto os defectos estruturais do desenvolvemento económico dos anos 60 (dependencia tecnolóxica do estranxeiro, elevado endebedamento de empresa pública, necesidade dunha reconversión industrial e de adaptarse ao novo ciclo tecnolóxico). Por outra parte, o deterioro físico de Franco obrigoulle a designar a Carrero Blanco (militar e home da súa máxima confianza, representante do sector “bunker”) como presidente de Goberno e a Arias Navarro como ministro de Gobernación. Pouco tempo despois, Carrero Blanco falece nun atentado de ETA (operación Ogro), afectando emocionalmente a Franco e privando ao réxime da persoa que podería dar continuidade ao Movemento despois do ditador. Carrero foi substituído por Arias Navarro, quen anuncia unha serie de reformas coñecidas como o espírito do 12 de febreiro: maior liberdade de prensa, elección de alcaldes, creación de asociaciónns políticas, reforma da lei sindical, etc.

Nesta etapa incrementáronse as forzas da oposición, tanto no interior de España como no exterior. No interior destacan: o grupo Tácito (serie de políticos e intelectuais que pretenderon unha transformación do réxime a posicións máis democráticas desde dentro do sistema), o aumento das críticas e o distanciamento por parte da Igrexa (salienta o caso do bispo de Bilbao que defenderá o uso do euskera nas igrexas), a Unión Militar Democrática (un sector do exército que defendía que a institución militar non debía ser un obstáculo para a democracia), as numerosas folgas e protestas de obreiros, universitarios e entidades veciñais e os atentados terroristas levados a cabo por organizacións como ETA, FRAP (5 membros destes dous grupos foron os últimos en pagar os seus crímenes coa súa vida, a pesar das diversas peticións de clemencia) e GRAPO.

No exterior, distintos partidos e organizacións antifranquistas iniciaron un proceso de unidade para restablecer a democracia; en Francia: no ano 1974, créase a Xunta Democrática por iniciativa de Santiago Carrillo (líder do PCE) para liderar a oposición ao franquismo e o PSOE resolve a crise entre os afiliados do interior e os do exilio no





Congreso de Suresnes, elixindo a Felipe González como secretario xeral. O PSOE impulsa a Plataforma Democrática para aglutinar aos grupos políticos próximos a súa órbita ideolóxica. Os contactos entre ambos partidos deron lugar á formación da Plataxunta en 1975.

Por outra parte, a colonia africana do Sahara (onde o Goberno fixera unha promesa de realizar un referendo en 1973, xa que a Fronte Prolisaria reclamaba a independencia) é invadida en 1975 por unha marcha organizada polo rey Hassan II de Marrocos (Marcha Verde) coa que pretende invadir o territorio e anexionalo, ocupación que sería detida por petición da ONU. Días despois da retirada da marcha, asinouse en Madrid un acordo entre Marrocos, Mauritania e as Cortes para que os dous países se repartiran a colonia do Sahara, sen ter en conta a opinión da poboación.

Finalmente, o ditador falece en novembro de 1975, deixando a presidencia en mans de Arias Navarro e a xefatura de Estado a Juan Carlos de Borbón, quen foi nomeado rei e capitán dos tres exércitos e iniciou os trámites legais para configurar a España como Estado social e democrático de Dereito nun proceso coñecido como transición democrática. En pouco tempo o rei Juan Carlos comenará este proceso co nomeamentos de Torcuato Fernández Miranda como presidente das cortes e de Adolfo Suárez como presidente do goberno que impulsarán a posta en marcha da Lei para a Reforma Política que suporá o fin definitivo do franquismo e o inicio do proceso para celebrar unhas eleccións democráticas de forma legal (*da lei á lei*) evitando rupturas traumáticas.

23.- As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978

Tras a aprobación por parte das Cortes franquistas da Lei para a Reforma Política (coñecido como o *haraquiri* ou suicidio das Cortes franquistas), en novembro de 1976 (ratificada en referendun popular o 15 de decembro de 1976), que poñía as bases para a legalización dos partidos políticos, despois dun violento mes de xaneiro do 77 onde houbo secuestros do GRAPO e a matanza dos avogados laboristas de Atocha a mans da ultradereita, e tras a legalización do PCE na Semana Santa de 1977 contra o parecer da cúpula militar que puxera como condición para permitir o anterior paso a legalización das formacións políticas menos o PCE, o Presidente Adolfo Suárez convocou eleccións para unhas Cortes Constituíntes para o 15 de xuño de 1977.

Estas eleccións serían as primeiras democráticas dende a Segunda República. Concorreron a estes comicios numerosas formacións. A victoria foi para a UCD, a formación política creada por Adolfo Suárez para seguir controlando o proceso de transición política dende os antigos aledaños franquistas. A segunda forza máis votada foi o PSOE. Tanto a formación creada por Fraga Iribarne, Alianza Popular, como o PCE foron as grandes perdedoras. Os partidos políticos extremistas quedaron foron do hemiciclo. A poboación española votaba moderación e consenso e rexeitaba aquelas formacións que lembraban ao conflito da Guerra Civil.

En agosto do 77 quedou constituída unha comisión redactora do borrador do texto constitucional para sometelo despois a un proceso de enmendas e melloras que





duraría ata outubro do 78 en que foi aprobada polas Cortes e o 6 de decembro de 1978, aprobada en referendun pola cidadanía. O resultado é un texto froito do consenso, intencionadamente ambiguo para evitar que o texto puidera ser utilizado de forma partidista por unha formación, inspirado en anteriores constitucións españolas (1876 e 1931) e textos do estranxeiro, progresista e democrática e cunha estrutura dogmática, no que se refire aos principios, e unha parte orgánica no que se refire á organización do Estado.

A constitución española de 1978 recoñece a soberanía popular baixo un réxime de monarquía parlamentaria e establece que España é un Estado social e democrático de dereito. O rei reina, pero non goberna. Con todo ten a atribución de ser o Xefe das Forzas Armadas, aspecto este que lle permitiu parar o golpe de Estado de 1981. España, pola Constitución do 78 defínese como un Estado unitario, pero descentralizado administrativamente en autonomía, recuperando a solución territorial habilitada na Segunda República. De feito, Cataluña, País Vasco e Galicia son tratadas como nacionalidades históricas polo que poden chegar aos estatutos de autonomía pola vía rápida do artigo 151 en lugar do 143 que afectará a todas as demais. Cada autonomía terá un parlamento propio, un goberno e un Tribunal Superior de Xustiza.

Esta constitución recolle que España é un Estado aconfesional, se ben recoñece que a relixión católica é a maioría do pobo español polo que terá unha consideración especial. Recolle os dereitos de deberes da cidadanía e o funcionamento das institucións do Estado. Recolle a posibilidade do divorcio, os dereitos sociais, dereitos de folga, de asociación, de liberdade de prensa, pluralidade política e sindical.

Tamén volve a contemplar dúas cámaras nas Cortes: o Congreso dos Deputados, con 350 deputados elixidos por sufraxio universal directo, en listas pechadas polos partidos, baixo o sistema D'Hont e de representación proporcional, e o Senado, elixido por un sistema de listas abertas e representación maioritaria. O Congreso exerce unha función de control sobre o goberno, dá a súa confianza ao mesmo e discute e elabora os proxectos de lei que unha vez aprobados deben pasar pola súa ratificación ou devolución no Senado. O Senado, a súa vez ten unha atribución de cámara para tratar os asuntos de tipo territorial que nunca foi ben desenvolvida.

24.- A crise da UCD e o golpe de Estado

A UCD, formación política creada por Adolfo Suárez, logrou gañar dúas convocatorias electorais, a de 1977 e a de 1979, pero en ambas non tiña a maioría absoluta. Esta formación era unha partido moi heteroxéneo, resultado da confluencia de individualidades políticas procedentes do antigo franquismo, democristianos, liberais e incluso da socialdemocracia. Os primeiros anos da Transición foron moi duros por varios factores: a crise económica do 73, sentida en España dun xeito máis tardío, xerou taxas de inflación altas e un paro crecente que xerou un enorme malestar social con numerosas folgas. A gravidade da situación motivou os Pactos da Moncloa como un acordo global entre sindicatos, partido do goberno e partidos da oposición para evitar o descarrilamento dos pasos dados de cara a normalización política en España. Por outro lado, estaba a actividade da banda terrorista ETA que





neses anos comete numerosos atentados (os anos de plomo) sobre membros das forzas armadas. A pesar da recién estreada autonomía vasca, as accións terroristas foron a máis creando un profundo malestar entre o exército e os sectores inmobiliarios da sociedade española. Cada funeral polos asasinados era unha ocasión da ultradereita de manifestarse en contra do goberno. O proceso autonómico era visto neses sectores ultra como unha provocación contra a unidade de España. Isto viña a engadirse á desconfianza que o exército tiña sobre Adolfo Suárez dende a legalización do PCE en abril do 77 e á aprobación de medidas como a lei do divorcio que enconou os ánimos da xerarquía da igrexa católica e os sectores máis conservadores da UCD.

Neste ambiente de construción dunha democracia, Adolfo Suárez viuse acosado tanto pola esquerda (PSOE) que lle chega a plantear unha moción de censura en 1980, e pola dereita (AP), de xeito que a súa supervivencia política estaba moi complicada, máxime cando o seu propio partido comeza a darlle as costas de xeito que, como formación, acabou por implosionar nun ambiente político no que había rumores de golpe de Estado.

Esta situación política extrema obrigou a Adolfo Suárez a presentar a súa dimisión ante o rei en xaneiro de 1981. O 23 de febreiro, mentres se estaba producindo a votación no Congreso de Deputados para investir presidente do goberno a Leopoldo Calvo Sotelo, tamén da UCD, un grupo de Gardas Civís ao mando do tenente coronel Tejero ocupan a cámara á espera que un mando de maior rango pase a encabezar o golpe de Estado. En paralelo, en Valencia, o capitán xeneral Miláns del Bosch saca os tanques ás rúas e impón o toque de queda. Segundo os golpistas o rei está informado de todo, dando a entender a súa complicidade no golpe, pero finalmente fracasa pola intervención pública do monarca no que declara a súa adhesión á democracia recién creada e condena a acción dos militares golpistas. Esta intervención televisada impediu a incorporación de novas unidades ao golpe e obrigou aos golpistas a entregarse. Ese día confluiron dúas tramas, unha a protagonizada por Tejero, xa condenado anteriormente por outra intentona en decembro do 78 (Operación Galaxia), vencellado a sectores inmobiliarios do bunker franquista, e a outra na que estaba implicado o xeneral Armada que proxectaba un goberno de concentración nacional. As manifestacións na rúa ao día seguinte respaldando a democracia por parte da sociedade española e a posterior vitoria do PSOE en outubro do 82 alonxaron para sempre as tentacións golpistas dese sector do exército máis conservador.

25.- A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE

A vitoria por maioría absoluta do PSOE, en outubro do 82, permitiu aos socialistas volver ao goberno do país dende a Segunda República. Este PSOE estaba liderado por Felipe González, quen asumiu a Presidencia do Goberno e por Alfonso Guerra, ambos sevillanos e que en anos anteriores conseguiran unha renovación da cúpula dirixente do partido e a aceptación da renuncia do marxismo en favor das posturas socialdemócratas en sintonía con outros partidos socialistas de Europa. Abandonar o marxismo permitiu ao PSOE vencer nas eleccións de outubro de 1982 aproveitándose da desintegración da UCD e despertando unha vaga de entusiasmo e de cambio político en España.





Unha vez no poder os socialistas tiveron que enfrontarse aos problemas herdados da etapa anterior e poñer en marcha un programa modernizador e reestruturador do país. En economía puxeron en marcha unha reconversión industrial que afectou fundamentalmente aos sectores maduros da industria: a naval e a siderúrxica. Esta medida poñía fin aos anos de investimento do Estado na economía, avanzaba na idea dunha flexibilidade laboral e produtiva á par que unha modernización tecnolóxica necesaria para adaptarse ás necesidades do mercado. As rexións máis afectadas foron as do norte de España onde houbo unha forte contestación social. Outra medida era a modernización e renovación do exército para alonxar a pantasma do golpismo. O PSOE que no ano no que a UCD meteu a España na estrutura militar da OTAN manifestou a súa oposición, agora estaba a favor de manter a España dentro da organización militar. Outras medidas salientables tomadas nesta etapa son a reforma educativa e universitaria, a aprobación da lei do aborto e o deseño dunha política exterior con tres piares básicos: a relación con Europa, extremar unha boa veciñanza con Portugal e Marrocos, fortalecer os lazos con Latinoamérica e manter moi boas relacións con USA así como reclamar a devolución de Xibraltar. O 1 de xaneiro de 1986 España pasou a formar parte da Comunidade Económica Europea o que impulsou o proceso de europeización de España, a consolidación da democracia, unha oportunidade de modernizar o sistema produtivo español para adaptarse a un entorno de elevada competitividade e a chegada de axudas europeas para modernizar as nosas infraestruturas viarias. Cos socialistas prodúcese unha posta en marcha do Estado de Benestar e deron un impulso ao Estado das autonomías co seu proceso de transferencias de competencias do Estado central ás autonomías.

Os socialistas venceron por maioría absoluta as eleccións do ano 86 e 89 debendo chegar a acordos cos nacionalistas cataláns e vascos nas do ano 93. Neste tempo o país camiñou por unha senda de crecemento económico que tivo o seu momento culminante no ano 92 cando se celebrou a olimpiada de Barcelona e a Expo de Sevilla. España aparecía ante o mundo como un país cunha democracia consolidada e moderno. Despois dos fastos do 92 comezou un período de crise económica que unido ao descredito do PSOE en casos de corrupción por financiación ilegal (caso Filesa), práctica de terrorismo de Estado contra ETA (os GAL), apropiación indebida dos fondos reservados para a loita contra o terrorismo por parte de altos cargos do Ministerio de Interior (caso Roldán) levaron a súa derrota electoral no ano 96 a mans do Partido Popular de José María Aznar.

